

**IES FIN DO
CAMIÑO**

PLAN DE CONVIVENCIA

Este plan de convivencia , constitúe unha renovación do anterior plan de convivencia que data do curso 2010/11, foi elaborado pola Comisión de Convivencia e aprobado polo consello escolar o día 30 de Marzo de 2017.

1. FUNDAMENTACIÓN TEÓRICA E LEGAL

A preocupación social polo aumento da conflictividade nas aulas e a necesidade de educar na xestión pacífica dos conflitos veuse plasmando na lexislación europea, estatal e autonómica dos últimos anos.

1.1 No ámbito Internacional.

O Informe á UNESCO da Comisión Internacional sobre Educación para o Século XXI(Comisión Jaques Delors) determina as aprendizaxes fundamentais ou alicerces do coñecemento, entre eles, o aprender a convivir.

Doutra banda, a Carta de Recomendación 12 (2002) do Comité de Ministros do Consello de Europa aos estados membros, apunta que se faga da educación para a cidadanía democrática un obxectivo prioritario da política educativa e das súas reformas. Algúns dos contidos suxeridos son os de resolver os conflitos de forma non violenta; argumentar en defensa dos puntos de vista propios; escoitar, comprender e interpretar os argumentos doutras persoas; recoñecer e aceptar as diferenzas; asumir responsabilidades compartidas ou establecer relacións construtivas, non agresivas, cos demais.

1.2 No ámbito nacional.

A Lei 27/05 de Fomento da Educación e da Cultura de Paz, art. 2, menciona: *“O Goberno promoverá a inclusión, como contido curricular, de iniciativas de educación para a paz a escala local e nacional [..]. O Goberno promoverá a formación especializada de homes e mulleres en técnicas de resolución de conflitos, negociación e mediación”.*

A Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, establece no seu artigo 4 como principios de calidade do sistema educativo: *“A eliminación dos obstáculos que dificultan a plena igualdade entre homes e mulleres e a formación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos”.*

A lei Orgánica 2/2006 de Educación (LOE), tamén segundo a redacción dada pola Lei 8/2013, do 9 de decembro, para mellora da calidade educativa, recolle a competencia social e cidadá e considera principios do sistema educativo a educación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos, así como a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.É, tamén, unha finalidade explícita da educación e un obxectivo común en todas as etapas educativas. En concreto, na etapa da Educación Secundaria Obrigatoria, o Artigo 23.d menciónase como obxectivo desta esta: *“fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e na súa relación cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos”*.

Ademais compre destacar, como se recolle no seu artigo 121.2, que unha das tarefas fundamentais que teñen encomendadas os centros educativos é elaborar o seu plan de convivencia, que pasará a formar parte do proxecto educativo de centro. Así mesmo, no preámbulo da mesma norma dise que *“ocupará un lugar relevante, na relación dos principios da educación, a transmisión daqueles valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a igualdade, o respecto e a xustiza”*. E *“proponse o exercicio da tolerancia e a da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia e a prevención de conflitos e a resolución pacífica destes”* como un dos fins do sistema educativo, e para a súa consecución faise extensivo a todos os niveis educativos e a todos os membros da comunidade escolar o obxectivo de traballar *“a convivencia e a relación social e exercitarase na resolución pacífica de conflitos”*.

1.3 No contexto galego

A Circular 10/2010, pola que se ditan instrucións para unificar liñas de actuación e establecer accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional, destácase entre as actuacións relacionadas coa convivencia e coa educación en valores, a importancia de *“deseñar e poñer en práctica programas destinados á promoción da convivencia e á resolución pacífica de conflitos”*e no Decreto 299/11,polo que se regula a atención á diversidade do alumnado nos centros docentes da comunidade autónoma de Galicia, en relación á mellora continua da calidade, advírtese que *“ditos centros priorizarán, entre outras actuacións, as que promovan a convivencia no centro escolar”*.

Neste contexto, nace o Observatorio Nacional da Convivencia e os observatorios autonómicos, deséñanse plans integrais de mellora da convivencia, difúndense experiencias

de boas prácticas e incorpórase na formación do profesorado contidos referidos á promoción da paz e da xestión emocional da aula. Ademais, sinálase a obrigatoriedade da inclusión dun Plan de Convivencia de Centro dentro do Proxecto Educativo. Por outra banda, introdúcese na nosa comunidade a persoa coordinadora de convivencia nos centros de educación secundaria.

Estes plans brindan a oportunidade para reflexionar e cuestionar o modo de entender a convivencia e as medidas a desenvolver. Nalgúns centros, xorden experiencias centradas na implantación de estratexias de xestión pacífica de conflitos: aulas de convivencia, grupos de axuda, equipos de mediación, alumnado axudante, titorías persoais, asembleas de clase, aprendizaxe-servizo, etc. de carácter máis democráticas e que outorgan maiores oportunidades para que sexa o propio alumnado quen participe na resolución dos seus propios conflitos. Por outra banda, a negociación compartida das normas, os programas de educación emocional no marco do plan de acción tutorial e os plans de prevención do acoso escolar supoñen outras experiencias para a construción da convivencia.

O primeiro informe do Observatorio Estatal da Convivencia destaca o feito de mellorar a calidade do sistema educativo mellorando a convivencia dende unha perspectiva integral. Fai, tamén, fincapé na mellora a eficacia educativa das sancións, pois queda demostrado que os centros que mais sancionan (e de xeito máis automático), empeoran a convivencia por redundar en solucións ineficaces.

Todo isto marcou que era preciso ir máis alá dos modelos punitivos, e avanzar cara un novo modelo que aborde e constrúa as normas de xeito democrático, que rompa as estruturas de dominio-sumisión, que afonde no desenvolvemento moral, que supoña aprender ó alumnado a xestionar as emocións propias, a anticipar as consecuencias dos seus actos, na reconciliación, e na reparación do dano para avanzar cara o futuro. Supón basear as relacións no respecto mutuo, tendo clara a diferenza entre autoridade e o autoritarismo. Supón, tamén, o cambio dos sistemas inflexibles de aplicación de sancións, a sistemas que teñan en conta as características de cada alumnado e da súa situación familiar, social e educativa, o paso dun modelo de decisión sobre sancións exclusivamente centrado na dirección, a unha toma de decisións en pequeno grupo.

A normativa actual da comunidade Autónoma de Galicia referida á convivencia escolar, é dicir, a actual Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no seu artigo 10, fai mención ao plan de convivencia e as normas de convivencia, indicando a súa inclusión no PEC. Na mesma aparecen no título II os dereitos e deberes de

convivencia e participación de todos os sectores da comunidade educativa, ás familias, o alumnado, o profesorado e o persoal de servizos. Ademais de especificar as normas básicas de convivencia nos centros escolares, destacando, nos artigos 15 e 16 as condutas gravemente prexudiciais e as condutas leves contrarias as normas de convivencia así como as correccións máis habituais nos conflitos diarios, artigos 21 e 22 da mesma. Resultan especialmente interesantes os artigos 19, sobre os programas e actuacións complementarias as medidas correctoras, onde destaca os programas de habilidades sociais e as aulas de convivencia inclusivas, e o artigo 20, sobre os procedementos conciliados de resolución dos conflitos.

Esta lei desenvólvese no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, establece quede novo que o proxecto educativo de cada centro docente incluíra un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O devandito plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, obxectivos, directrices básicas da convivencia e actuacións incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, re-educadoras e correctoras, segundo o artigo 10 .

Especial relevancia ten o Título II do citado decreto onde se establecen os axentes responsables da convivencia e os documentos , onde cobra especial importancia o plan de convivencia e o NOF, así como as actuacións, programas e medidas para mellorar a convivencia nos centros escolares, entre as que se destacan sobre todo as actuacións preventivas, as medidas complementarias dende o departamento de orientación,, as aulas de convivencia inclusiva e as escolas de nais e pais.

Dentro do referido ao Plan de Convivencia, será ao longo dos artigos 12 ao 17 deste mesmo decreto onde se recollerán os aspectos referidos aos obxectivos, estrutura, actuacións, medidas e programas favorecedores da convivencia; destacando actuacións organizativas, curriculares e de coordinación, actuacións que garanten a participación da comunidade educativa, prevención de condutas contrarias as normas de convivencia, actuacións de prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, e programas específicos para promover a convivencia no centro que fomenten o diálogo, co-responsabilidade e cultura de paz. Ademais dos procesos de seguimento avaliación e mellora e difusión do plan de convivencia que cada centro deberá ter en conta na súa elaboración.

No título III do citado Decreto aparecen tipificadas as condutas gravemente prexudiciais e as medidas correctoras(artigos 38 e 39 respectivamente); as condutas leves

contrarias as normas de convivencia e as correspondentes medias correctoras, (artigos 42 e 43). Así mesmo o capítulo 4 aparece reflectidos os procedementos ante as condutas graves, onde se recolle tamén o desenvolvemento de procedementos conciliado na corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

O Decreto 86/2015, do 25 de xullo, polo que se implanta o currículo da ESO, subscribe o anteriormente dito.

Tendo en conta o establecido o plan de convivencia debe ser un documento realista, útil e , dinámico e adaptado ás peculiaridades e necesidades do noso centro. Entendemos, por tanto, que a convivencia se constrúe, tamén coa participación do alumnado e das súas familias na xestión dos conflitos, pois son os conflitos oportunidades de aprendizaxe e a xestión das emocións unha habilidade esencial para a vida nas sociedades .

1.4. A Comisión de Convivencia

Segundo o establecido no Decreto 8/2015 no seu artigo 6 un dos responsables da Convivencia do centro é a Comisión de Convivencia, que nace no seno do consello escolar e ten un carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar para facilitar o cumprimento das competencias que , en materia de convivencia escolar , ten asignadas o consello escolar.

Os integrantes desta comisión serán nomeados pola persoa responsable da dirección do centro , por proposta dos colectivos representados.

Estará composta por : a persoa titular da dirección do centro, un representante de alumnos, representantes do profesorado , representantes das familias , do persoal de administración e servizos. Na mesma proporción na que se atopan representados no consello escolar. Unha das persoas integrantes actuará de secretaria e redactará a acta das súas reunións.

Reunirse 3 veces ao ano, como mínimo ou por convocatoria da terceira parte dos membros da mesma.

Os profesionais aconsellables para formar parte da comisión serán : persoa que ocupe a xefatura do departamento de orientación, a persoa que realice a función específica de dinamizador/a da convivencia do centro, e calquera outro membro da comunidade educativa que teña formación e sensibilidade nos temas relacionados coa convivencia.

A COMISIÓN DE CONVIVENCIA constituíuse o día 30 de Xuño de 2016. Son membros da comisión de convivencia todos os membros non docentes do Consello Escolar e como

representantes do profesorado , a persoa responsable da Xefatura de Orientación e a dinamizadora da convivencia do centro.

Algunhas das súas actuacións son:

- elaboración do plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do seu desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión.
- velar pola correcta aplicación do disposto na normativa en materia de convivencia e no plan e normas de convivencia.
- elevar propostas ao consello escolar e recoller na memoria anual da comisión de convivencia as iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo.
- dinamización de toda a comunidade educativa incorporando iniciativas no procedemento de elaboración, desenvolvemento, seguimento e revisión do plan de convivencia do centro.
- adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos dos membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente no fomento de actitudes para garantir a igualdade de mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa, e a resolución pacífica de conflitos.
- elaboración dunha memoria anual sobre á análise da convivencia e conflitividade no centro, no que se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar e ao servizo de inspección educativa, dentro da memoria anual de centro.
- aquelas outras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro ou equipo directivo.

2. ANÁLISE DA CONVIVENCIA

O IES Fin do Camiño, ven traballando a convivencia escolar a través de varios grupos de traballo e proxectos de innovación desenvolvidos nos últimos anos.

No curso escolar 2008-09, fórmanse dous grupos de traballo ó redor desta temática. O primeiro, “Protocolos para a convivencia”, centrados na revisión das normas de organización e funcionamento; o segundo, con título “Camiño da convivencia” que tivo como misión analizar a convivencia do centro e estudar medidas organizativas de resolución pacífica de conflitos.

Nos cursos escolares 2009-11, sucédense os proxectos de Agrupación de Centros

Educativos do Ministerio (ARCE) cos títulos de “Implantación e mellora de medidas organizativas de xestión pacífica de conflitos” e “A mediar! Manual de implantación dun servizo de mediación escolar”, así como o grupo de traballo de nome “Estratexias organizativas de xestión dos conflitos”, que lles valeron o recoñecemento do *3º premio nacional de boas prácticas para o impulso e a mellora da convivencia do ano 2010 e Finalistas do premio de Acción Maxistral do ano 2011*.

Nos cursos escolares 2011-12 e 2012-13, 2013-14 , 2014-15 e 2015-16 concédese ó centro escolar o plan de mellora da competencia social e cidadá e a liña 3 dos Contratos-Programa sobre mellora da convivencia.

No curso 2014-15 , o ministerio de concede ao abeiro da convocatoria **Ayudas para el diseño y aplicación de proyectos de mejora del aprendizaje del alumnado por agrupaciones colaboración profesional entre centros públicos de diferentes comunidades o ciudades autónomas** , unha axuda “Desarrollo de competencias básicas a través del aprendizaje-servicio” , onde se desenvolveran proxectos que pretenden mellorar tanto as competencias básicas do noso alumnado como a convivencia do centro.

Durante o curso 2015/16 o centro recibiu varios premios vinculados aos proxectos anteriormente citados como


-Mellor iniciativa da comunidade educativa na difusión de doazón de sangue no 2017 ADOS.

-Cibermentorxs foi recoñecido co premio aos proxectos escolares 2016 da Fundación Barrié.

-O vídeo “Cibermentorxs, pasa do cyberbullying, usa internet con bo gusto” resultou gañador do certame: 2016, O reto do acoso escolar na categoría audiovisual, convocado pola asociación Arela .

Non é posible avaliar o impacto que as medidas implantadas (mediación escolar, o alumnado axudante, xuntanzas con centros educativos, escolas de nais e pais, aula de convivencia, formación do profesorado, manuais, etc.) produciron na convivencia do noso centro, pois variou a distribución dos grupos, o profesorado, o alumnado e as súas familias, mais é sinxelo apuntar, atendendo a unha primeira revisión dos partes de conduta, dos expedientes disciplinarios e á observación participante, que a conflictividade descendeu nestes últimos anos.

Evolución da conflictividade nos últimos tres anos



Porén, os proxectos mencionados levaron á implantación dunha serie de medidas que agora é preciso manter, revisar ou adaptar a unha situación xa diferente en canto a conflictividade, recursos humanos cos que se conta ou a implicación dos axentes que interviron. Faise necesario definir unha serie de obxectivos realistas e precisos que permitan a mellora continua na construción da convivencia escolar.

3. OBXECTIVOS.

1. Seguir participando en redes de centros educativos en torno á temática da convivencia escolar.
2. Ofrecer maior protagonismo ó alumnado na resolución dos seus conflitos, formando novo alumnado axudante, coordinando este servizo.
3. Fortalecer a figura dos Cibermentorxs, adicándolle unha especial atención á prevención das conductas sexistas.
4. Revisar a estratexia da aula de convivencia como ferramenta de xestión coordinada dos conflitos, para adaptala ós novos recursos e situacións.
5. Seguir dinamizando a escola de nais/pais.

6. Mellorar a formación do profesorado para a xestión das emocións na aula e na resolución pacífica de conflitos.
7. Revisar e redactar, no marco do plano de acción tutorial, actividades destinadas ó desenvolvemento persoal dos alumnos, os programas de habilidades sociais e emocionais.
8. Mellorar a convivencia a través dos deportes cooperativos e da oferta de ocio saudable , así como a través de proxectos de “Aprendizaxe e servizo”

4. ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

Obxectivo 1: Colaborar con outros centros educativos en torno a la temática da convivencia escolar

- Participar en novos encontros anuais, de contar coa dotación económica necesaria, con outros centros educativos, na procura de redes en torno á resolución pacífica de conflitos. O programa pretenderá ofrecer formación ó profesorado e ó alumnado asistente, así como procurar o intercambio de experiencias entre iguais que se organizarán en diferentes obradoiros.
 - **Temporalización das actividades:** todo o ano
 - **Responsables:** dinamizador/a da convivencia e equipo directivo.

Obxectivo 2. Ofrecer maior protagonismo ó alumnado na resolución dos seus conflitos

- 2.1. Formación do alumnado de 1º de ESO e 2º ESO como alumnado axudante, introducindo a súa figura no centro e deseñando o protocolo de actuación da axuda.
- 2.2. Dinamización das xuntas de delegados e delegadas a través do estímulo de convocatorias da dirección.
- 2.3. Consolidar a Cibermentoría en 3º e 4º ESO como unha ferramenta complementaria ás estratexias de resolución pacífica de conflitos.

- **Temporalización das actividades:** a selección do novo equipo axudante e cibermentoría será no mes de novembro. A formación iniciarase no mes de decembro e finalizará no mes de abril. As reunións de seguimento levaranse a cabo durante todo o curso con periodicidade quincenal.
- **Responsables:**
 - Selección e formación de cibermentoría: mínimo de 2 profesores do centro voluntarios/as.
 - Selección e formación do alumnado axudante: mínimo de 2 profesores/as do centro voluntarios/as.
 - Coordinación e seguimento do equipo: coordinador/a de mediación e xefatura de estudos
 - Revisión dos protocolos: Equipo directivo xunto coa coordinadora de mediación e da aula de convivencia e o equipo de orientación.

Obxectivo 3: Revisar a estratexia da aula de convivencia como ferramenta de xestión coordinada dos conflitos e revisar os protocolos existentes.

- Revisar o protocolo actual da Aula de Convivencia nas tres vertentes (Aula de reflexión, Aula de Traballo e Observatorio da Convivencia) co fin de adaptalo á nova realidade e definir un modelo que fuxa das “aulas de castigo”.
 - **Temporalización das actividades:** O deseño dos protocolos terá lugar no mes de setembro.
 - **Responsables:** equipo directivo en colaboración cos membros do observatorio da convivencia.

Obxectivo 4: Dinamizar a escola de nais/pais.

Seguir convocando as reunións de nais e pais interesados en escoitar e debater diferentes temas que lles afectan ós seus fillos e fillas: a sexualidade, a adolescencia, a prevención de drogodependencias, etc. As actividades pódense resumir a continuación:

- Deseño dun plan de formación para as nais e os pais, atendendo as preocupacións destes.
- Enquisa inicial para detectar as temáticas de interese
- Impulso da formación interna por parte do orientador/a e tamén da

formación externa, tendo en conta os recursos da zona.

- **Temporalización das actividades:** Reunións iniciais de planificación. Unha sesión bimensual.
- **Responsables:** Departamento de orientación en colaboración cos recursos externos.

Obxectivo 5: Mellorar a formación do profesorado para a xestión das emocións na aula e na resolución pacífica de conflitos. Aínda que a formación do profesorado no tocante á convivencia escolar é un obxectivo que se traballa transversalmente, apostarase pola seguinte actividade:

- Propoñer grupos de traballo, formación en centro, etc, relacionados coa temática da convivencia escolar, ou que permitan ensaiar metodoloxías cooperativas, grupos interactivos mixtos e comunidades de aprendizaxe, aprendizaxe-servizo, mediación, xestión emocional da aula, ou calquera outra iniciativa que poda facer mellorar ó centro.
- **Temporalización:** primeiro trimestre do curso. Formación no segundo trimestre.
- **Responsables:** coordinador/a de convivencia.

Obxectivo 6. Revisar e redactar, no marco do plano de acción tutorial actividades relacionadas coa competencia social.

- Actualización das actividades destinadas ó desenvolvemento persoal dos alumnos, tamén daquelas ás que se refire a circular 8/2009: programa básico de habilidades sociais; programa de habilidades para o alumnado que acude reiteradamente a aula de atención educativa e convivencia.
- Búsqueda e incorporación de actividades ó plan de acción tutorial da temática da igualdade entre homes e mulleres, racismo e xenofobia. Valerse das asociacións da zona e outras para o desenvolvemento destas.
- **Temporalización:** semanalmente a través das sesións de coordinación dos titores e titoras e, por outra parte, das reunións do departamento de orientación.
- **Responsables:** departamento de orientación, en colaboración cos titores e titoras.

Obxectivo 7. Mellorar a convivencia a través dos deportes e da oferta de ocio saudable.

- Dinamizar os recreos e ampliar a súa oferta con actividades lúdicas que foran mais alá do fútbol: club de tenis de mesa, xogos de mesa, xogos deportivos, obradoiros de manualidades, etc. As actividades seguirán o seguinte proceso:
 - Convocatoria á xunta de delegados e delegadas co obxecto de buscar a súa implicación no deseño de actividades e de establecer responsables para cada actividade
 - Procura de apoio no claustro, implicándoo nos diferentes obradoiros
- Na medida en que as posibilidades orzamentarias do proxecto o permitan, solicitarase algún obradoiro externo
 - Avaliación da medida na xunta de delegados
 - **Temporalización:** primeiro trimestre. Seguimento trimestral
 - **Responsables:** coordinador das actividades extraescolares.

Obxectivo 8. Igualdade de xénero

- Creación do Equipo de Igualdade do centro, con representantes de tódolos sectores da comunidade educativa.
- Prevención da violencia de xénero tanto nas titorías, como na materia de intelixencia emocional, moi vinculada a esta temática, así como eixe transversal nas distintas materias, nas actividades dinamizadas pola biblioteca e na escola de pais e nais.
- Visibilización do papel da muller nos distintos ámbitos da sociedade e do coñecemento, a través de celebración da datas conmemorativas como o día da nena e muller científica, día da muller traballadora, etc) así como nas distintas materias e mediante a actualización de fondos da biblioteca con material que verse sobre esta temática
- Promoción dunha linguaxe non sexista na comunicación e nos distintos documentos do centro, así como na cartelería existente.
 - **Temporalización:** todo o curso
 - **Responsables:** equipo de igualdade do centro.

5. NORMAS, DEREITOS E DEBERES

As normas, dereito e deberes dos membros da comunidade educativa veñen definidas na Lei 4/2011 do 30 de Xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e no Decreto 8/2015 que desenvolve dita lei . Por outra parte, o centro concretou tal normativa na sección E. das Normas de Organización e Funcionamento, que foron elaboradas coa participación dos diferentes sectores que conforman a comunidade escolar e que terá carácter revisable. (A aprobación da renovación do NOF, para adaptala ao decreto 8/2015 data de Xuño de 2016).

6. ESTRATEXIAS PARA A PREVENCIÓN E XESTIÓN DOS CONFLITOS

1. Mediación escolar e alumnado axudante.

A mediación escolar ben definida na sección E apartado 3.1 das Normas de Organización e Funcionamento do centro. O seu funcionamento terá carácter revisable atendendo ó **Procedemento anual de mediación anual (anexo I)** que forma parte deste plan de convivencia.

As funcións do alumnado axudante, deberán definirse nos próximos cursos, que acadarse a súa formación e consenso no consello escolar sobre a súa implantación.

2. Aula de convivencia.

A aula de convivencia ben definida na sección E apartado 3.2 das Normas de Organización e Funcionamento do Centro. O seu funcionamento terá carácter revisable atendendo ó **Procedemento anual da aula de convivencia (anexo II)** que forma parte deste plan de convivencia nas súas tres vertentes: aula de reflexión, aula de traballo e observatorio semanal da convivencia.

3. Protocolo de prevención do acoso escolar.

O protocolo de prevención do acoso escolar ben definido na sección E apartado 3.3 das Normas de Organización e Funcionamento do Centro. O centro asumiu como propio o

protocolo editado pola consellería de Educación “Prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso”

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/acoso_e_ciberacoso_protocolo_xeralrectificado_tlf_05_02_16.pdf

4. Programas de educación emocional e habilidades sociais.

Atendendo ao artigo 19 da Lei 4/2011 do 30 de Xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, xunto co artigo 24 do decreto 8/2015, o departamento de orientación ten elaborado:

- Un **programa de habilidades sociais** e material de reflexión dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente (**anexo IV**)
- Un programa de habilidades sociais para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro (**anexo V**).

5. A Cybermentoría

Trátase dunha ferramenta educativa dentro dun programa máis amplo cuxo obxectivo é promover que o alumnado poña en práctica bos usos na internet. Combina a metodoloxía de aprendizaxe e servizo solidario coa mentoría. Ao igual que outros sistemas de apoio entre iguais e segue un modelo de convivencia positiva.

7. CRITERIOS DE ACTUACIÓN CO ALUMNADO CON GRAVES ALTERACIÓNS CONDUCTUAIS

Un alumno/a non poderá considerarse alumnado con necesidades educativas especiais asociadas a graves problemas de conduta, ata a que se conte coa necesaria avaliación psicopedagóxica. Corresponde ó departamento de orientación do centro realizar a valoración, que poderá contar co equipo de orientación específico da Coruña ou ben apoiarse nos diagnósticos realizados por servizos de pediatría, psicoloxía, psiquiatría ou servizos sociais externos ó centro.

O procedemento será o seguinte:

1. Valoración razoada por parte do equipo de profesores, redactada polo profesorado titor.
2. Autorización da familia da valoración psicopedagóxica
3. Informe do departamento de orientación (e/ou o equipo de orientación específico si se demandara a súa intervención por parte do departamento de orientación do centro).
4. As conclusións e valoracións de interese pedagóxico consignadas no informe psicopedagóxico, faranse chegar á xefatura de estudos e á persoa titora, que valorarán reunir ó equipo docente para consensuar as pautas de actuación oportunas.
5. Seguimento do proceso nas respectivas xuntas de avaliación ou sempre que a persoa titora o considere preciso.

8. NECESIDADES ORZAMENTARIAS.

Procurarase solicitar plans de innovación educativa relacionados coa temática, co fin de dar apoio económico as diferentes medidas que constan neste plan. En caso contrario, o centro valorará que cantidade anual asigna dos gastos de organización e funcionamento á dinamización do plan de convivencia.

- Formación interna e apoio ós mediadores/ase o alumnado axudante: 350.
- Obradoiros nos recreos dinámicos: 250 euros
- Cibermentoría: 500 euros
- Formación nas sesións mensuais da escola de nais e pais: 350 euros
- Orzamento para o equipo de Igualdade: 500 euros.
- Bibliografía e documentación: 150 euros

9. CRITERIOS E INDICADORES PARA O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación, momentos e instrumentos para avaliar este plan, atópanse nos protocolos concretos da aula de convivencia, da mediación, do protocolo de acoso, etc.

Porén, identifícanse, con carácter xeral, os seguintes elementos xerais:

Criterios xerais

- Grao de consecución dos obxectivos.
- Grao de coñecemento, implicación e satisfacción da comunidade educativa.
- Aproveitamento dos recursos materiais, humanos e organizativos
- Calidade e funcionalidade dos materiais elaborados.
- Mellora dos resultados académicos e de conflictividade
- Mellora dos resultados na avaliación de competencias interna e externa

Temporalización:

A avaliación é continua e trimestral, inicialmente coa análise da convivencia e procesualmente mediante as reunións semanais de coordinación e as estatísticas da conflictividade, así como das reunións da comisión de Convivencia (art 6 do decreto 8/2015). Finalmente coa redacción da memoria final de convivencia

No tocante á mediación e alumnado axudante.

- Criterios:
 - Número de alumnado e profesorado que solicita entrar no equipo de mediación.
 - Número de solicitudes de mediación.
 - Intervencións do alumnado axudante
 - Sectores da comunidade educativa que derivan casos de mediación.
 - Cursos/grupos que solicitan o servizo.
 - Grao de implicación e concienciación da comunidade educativa ante o proxecto.
 - Número de alumnado que comeza e que finaliza o curso de formación.
 - Asistencia ao curso.
 - Grao de satisfacción do alumnado que acaba o curso de formación.
 - Grao de adecuación dos contidos, metodoloxía, materiais e tempos dos cursos de formación.
 - Grao de satisfacción do alumnado mediado.

- Número de mediacións resoltas satisfactoriamente.
- Cumprimento dos acordos.
Asistencia e grao de implicación dos asistentes ás reunións de seguimento.

- Ferramentas: Cuestionarios e enquisas ao alumno que realiza a formación, ao alumnado mediado. Observación directa, rexistros durante as mediacións, comentarios recollidos nas actas e memorias de CCPs, claustros consellos escolares, equipos educativos, etc. e memoria final da comisión de convivencia.

No tocante ó Encontro de centros para a convivencia:

- Criterios: grao de satisfacción coa formación e o encontro, axuste dos recursos humanos, materiais e organizativos.
- Ferramentas: enquisa online ós asistentes, tipo test, resposta múltiple e items de opinión libre.

No tocante á Aula de convivencia:

- Criterios: reincidencia dos derivados. descenso do número de partes de conduta. Grao de cumprimento do acordo re-educativo
- Ferramentas: análise das actas e reunións semanais, estatísticos dos partes de conduta dentro da memoria da aula de convivencia.

No tocante á escola de nais e pais:

- Criterios: número de asistentes e satisfacción respecto da formación. Idoneidade dos contidos tratados.
- Ferramentas: memoria final dentro da memoria final anual enquisa final aos pais e nais

No tocante a promoción da Igualdade de xénero

- Criterios: participación e implicación do alumnado nas actividades programadas. Idoneidade dos contidos traballados,
- Ferramentas: cuestionarios ao alumnado, memoria final das actividades programadas, análise das conductas do alumnado.

10. ESTRATEXIAS PARA A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

O Plan de Convivencia do IES Fin do Camiño aparecerá na páxina web do centro para que poida ser accesible a calquera membro da súa comunidade escolar. Faráselle chegar unha copia ao Concello e outra á ANPA “Fin do Camiño”.

Na secretaría haberá tamén unha copia en formato papel, a cal non se poderá sacar do centro, a disposición de calquera persoa que solicite consultalo.

O equipo directivo encargárase de dar a máxima publicidade posible ao Plan de Convivencia entre o profesorado e demais membros da comunidade escolar e empregaranse as reunións docentes, as reunións con pais/nais, as titorías de alumnos, etc para levar a cabo este cometido.